

## F.- OS PROBLEMAS AGRARIOS

As actividades agrarias padecen na actualidade un gran número de problemas. Para solucionarlos, lévanse a cabo políticas de desenvolvemento rural:

- Unión Europea: formula as directrices xerais e achega os fondos FEADER...
- Estado español: indica as prioridades estatais (*Programa Nacional de Desenvolvemento Rural 2014-2020*)
- C. Autónomas: de acordo coas prioridades estatais, elaboran os seus *Programas de Desenvolvemento rural* para o mesmo período.



Gráfico 1. Nuevas funciones y desarrollos para los espacios rurales


**REFUERZO DE LA ECONOMÍA LOCAL DE LAS ZONAS RURALES**



(Elaboración propia)



**MODELO DE DESARROLLO TERRITORIAL**




*Rural Emprende*

**Apoyando  
al medio  
rural**



**PRIMER PROGRAMA  
DE DESARROLLO RURAL  
SOSTENIBLE (PDRS)**



### **Caracterización de las zonas rurales, según el PDRS 2010–2014**

**A revitalizar:** Escasa densidad de población, elevada significación de la actividad agraria, bajos niveles de renta y un importante aislamiento geográfico o dificultades de vertebración territorial

**Intermedias:** Baja o media densidad de población, empleo diversificado entre el sector primario, secundario y terciario, bajos o medios niveles de renta y distantes del área directa de influencia de los grandes núcleos urbanos

**Periurbanas:** Población creciente, con predominio del empleo en el sector terciario, niveles medios o altos de renta, y situadas en entorno de áreas urbanas o áreas densamente pobladas

# 1.- Os problemas demográficos

► **A diminución, o avellentamento e a masculinización da poboación rural**, resultado da emigración en décadas pasadas, ocasiona despoboamento e falta de relevo xeracional, que pretende evitarse favorecendo a permanencia da pob. no medio rural:

- Concesión de indemnizacións compensatorias tras o abandono da actividade en explotacións pouco rendibles ou ante xubilacións anticipadas.
- Mellora da competitividade das explotacións.
- Diversificación económica.
- Axudas á instalacións de agricultores novos (menores de 40 anos) e de mulleres.

► **A escasa cualificación da man de obra**, baseada maioritariamente na experiencia, dificulta a innovación, polo que trátase de fomentar a educación básica e a formación profesional, así como unha formación continuada.



 **CURSOS DE AGRICULTURA ECOLÓGICA**  
FUNDAÇÃO AGROECOSISTEMA

¿Interesado en aprender a trabajar tu propio huerto en ecológico?

¿Quieres obtener una formación profesional sobre Agricultura Ecológica?

*Ofrecemos diferentes cursos para todos los niveles*




## 2.- Os problemas económicos

► A modernización e a competitividade agraria son insuficientes para asegurar unha renda adecuada e afrontar a crecente competencia de países emerxentes no mercado mundial. As medidas a tomar son diversas:

- A reestruturación e a mellora das explotacións apoiando a concentración parcelaria, a renovación de maquinaria, a mellora do regadío e das infraestruturas e o acceso ao crédito.

- A transferencia de tecnoloxía, coñecemento e innovación ás explotacións agrarias. Débese de incrementar o valor engadido introducindo produtos diferenciados dirixidos a novos segmentos de mercado (alimentos hipocalóricos, baixos en colesterol...) e produtos de calidade, como as **denominacións de orixe\***.

(páx. 177)



*Axudas para pemes para adquirir nova maquinaria, mellorar a capacidade produtiva, a comercialización e transformación de produtos agrícolas na Comunidade Valenciana 2016.*



- **A diminución dos custos de produción** mediante un mellor aproveitamento dos recursos, como a auga e a enerxía. E mediante a redución da dependencia da industria nas compras (sementes, fertilizantes, insecticidas, pensos...) e dos mercados de venda da produción (industrias agroalimentarias ou cadeas de distribución) que marcan esixencias no volume, tamaño, peso e prezo dos produtos.

Para iso é necesaria unha maior participación dos produtores agrarios na transformación e na comercialización dos produtos:

- a través das asociacións e cooperativas que melloren a capacidade negociadora.
- o fomento de canles curtas de comercialización, como a venda directa aos consumidores ou a un único intermediario mediante a venda online ou en mercados de produtores locais.
- o incremento da internacionalización mediante a promoción en mercados emerxentes e exteriores.



**¡Nueva Tienda Online Agrocovap!**

Ampliamos el plazo para **ENVÍOS GRATUITOS** ¡hasta el 15 de mayo!

[www.agrocovap.es](http://www.agrocovap.es)

Alimentación Animal  
**COVAP**  
garantía de futuro

RECOGE GRATIS. Busca tu tienda más cercana en la sección "nuestras tiendas"

► A **escasa diversificación económica do espazo rural** mantén unha gran dependencia das actividades agrarias, o que se pretende corrixir, fomentando a diversificación económica:

- Mediante a transformación artesanal ou industrial dos produtos na mesma área de produción, promovendo as *agroindustrias*: alimentos, madeira, moble, coiro, téxtiles...
- O comercio de produtos agrarios (agrotendas).
- A caza.
- Promovendo o turismo rural, en todas as súas modalidades.



► **As esixencias de seguridade alimentaria, sanidade e benestar animal** da PAC incrementan os custos e reducen a competitividade fronte aos produtos de áreas menos esixentes, pero xeran confianza nos consumidores e compénsanse coas axudas destinadas a estes fins.

- A **seguridade alimentaria** pretende evitar os fraudes implantando a trazabilidade dos alimentos (unha identificación que permite coñecer toda a súa traxectoria, desde a explotación agraria á venda no mercado) co fin de determinar as responsabilidades se é necesario. Tamén se controlan os produtos transxénicos e evitar o emprego de certas substancias (aditivos, aromas, engordantes...) elaborando un listado de produtos que se poden ou non utilizar.

- A **sanidade** pretende evitar as pragas vexetais e as epidemias do gando (campañas de erradicación de enfermidades e de saneamento gandeiroe creación dunha rede de epidemiovixilancia e de alerta sanitaria para unha intervención rápida)

- O **benestar animal** esixe un un trato adecuado ao gando, evitándolle sufrimentos innecesarios. Para garantilo elaborouse unha normativa respecto á cría, o transporte e o sacrificio do gando.





### 3.- Os problemas sociais

► **A calidade de vida** de moitos núcleos rurais encóntrase minguada pola deficiente accesibilidade, as carencias de infraestruturas, servizos elementais (comercios, recollida de lixo, electrificación, telefonía...), servizos avanzados (TIC e novas tecnoloxías) e equipamentos colectivos (educativo, asistencial, sanitario, deportivo, cultural...). O motivo desas carencias está nas baixas densidades demográficas e nalgúns casos agrávase pola distancia a núcleos urbanos que poidan ofrecer eses servizos.

É necesario mellorar a accesibilidade e a dotación de infraestruturas, servizos elementais e equipamentos nas zonas rurais para mellorar a súa calidade de vida e evitar o éxodo da poboación. Para iso, tenden a implantarse nos pequenos núcleos urbanos repartidos polo espazo rural.

► **A exclusión social, a pobreza e o desemprego** están máis estendidos no medio rural. Para afrontalos son necesarios programas de inclusión social, mellorar a visibilidade do traballo das mulleres nas actividades agrarias (titularidade compartida das explotacións) e a súa participación nos órganos de goberno das cooperativas; e fomentar as microempresas xeradoras de rendas e de emprego estable.



presentación  
información  
degustación  
exposición  
venda

Traballando pola  
e o progreso das  
mulleres rurais

I ENCONTRO  
**MULLERES**  
EMPRENDEDORAS  
do medio rural  
galego

**Sótano do Mercado de Abastos**  
(Praza de Santo Domingo, esquina Quiroga Ballesteros) - Lugo  
29 de NOVEMBRO do 2008 11:00h - 18:00h

Colaboran: DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, XUNTIN DE GULLICIN, FADEMUR, Concello de Lugo

## 4.- Os problemas ambientais

### ► A actividade agraria contribúe ao deterioro do medio:

- Contaminación do aire, polos olores e gases procedentes das instalacións agrarias e as máquinas...
- Sobreexplotación das augas superficiais ou dos acuíferos e contaminación cos produtos químicos...
- Deforestación de grandes espazos, incendios, contaminación e sobreexplotación do solo polas prácticas intensivas e o abuso de fertilizantes...



Organic manure



## ► A actividade agraria colabora para reducir a biodiversidade:

- Progresiva desaparición dalgunhas especies autóctonas debido á especialización nun número limitado de especies vexetais e animais.



Este feito intenta corrixirse coa protección especial dalgunhas especies.




### Distribución de las plantaciones

► Hectáreas de eucaliptos



## Boas prácticas para manter a protección do medio ambiente

- Conservación do solo
- Utilización óptima da enerxía
- Utilización eficiente da auga
- Conservación da biodiversidade
- Uso racional dos fertilizantes e fitosanitarios
- Redución da contaminación agraria
- Sanidade animal...



*Tras a inversión de 14 millones de euros unha planta de Murcia será capaz de tratar 100000 toneladas de puríns ao ano, producir a enerxía equivalente ao consumo medio dunha cidade de 100000 habitantes, 80000 m<sup>3</sup> de auga de rega para uso agrario e 5400 toneladas de fertilizantes.*

Consumer Eroski 10-12- 2008

► Algunhas **medidas de prevención** poden ser:

- Prohibición das queimas e loita contra os incendios.
- Uso de sistemas de rega eficaces.
- Controlar e reducir o consumo de fertilizantes e produtos fitosanitarios.
- Dedicación de terras á silvicultura.
- Unha volta á extensificación da agricultura e da gandería.
- Unha **agricultura e gandería ecolóxica\***, que só fai uso de sistemas naturais para producir.
- A produción integrada, intermedia entre a convencional e a ecolóxica, utiliza ao máximo os recursos e os sistemas de produción naturais e favorables á conservación do medio. Emprega produtos químicos só en situacións nas que non existen outras alternativas viables e reducíndoos ao mínimo impresindible.





**NO**  
  
**QUIERO**  
**TRANSGÉNICOS**



<http://noticiasdeabajo.wordpress.com/2012/04/29/los-transgenicos-hacen-estragos>

## 5.- A deterioración paisaxística

O risco de deterioración ou desaparición dalgunhas paisaxes rurais tradicionais, de gran valor histórico, cultural e natural, débese ao despoboamento e á presión urbana.

► **O despoboamento** conduce ao abandono de certas actividades tradicionais. Para evitalo, concédense axudas para o mantemento da poboación; apóiase o mantemento de actividades agropecuarias tradicionais e a rehabilitación de vivendas; e sensibilízase a poboación sobre a necesidade de manter as tradicións e costumes. Ademais promóvese a creación dunha *Rede de Camiños Naturais e Rurais* para o transporte en medios non motorizados que atravesan zonas de altas calidades naturais, paisaxísticas,... co fin de favorecer o xurdimento de empresas recreativas, culturais e de emprego verde.

► **A presión urbana sobre o espazo rural próximo** ameaza coa conversión nunha prolongación do urbano. Para evitalo, créanse espazos protexidos e contrólase a expansión urbana procurando o mantemento do seu ámbito rural como zona agraria ou de ocio.

